



mariola verde

**Nivel:** perfeccionamento

**Xogadores:** 5

**Modo de Xogar:**

Dende fóra guíndase a tella, sucesivamente, ao interior de cada unha das casillas, dende o número 1 ata o 8. despois de tirar a tella éntrase á pata coxa, percorrendo todo o circuíto ata chegar de volta á casilla anterior onde está a tella. Recóllea, salta esa casilla e volta á saída á pata coxa. Nas casillas 4-5 e 7-8 descánsase poñendo un pé en cada casilla.

**Variante:**

Igual que a primeira só que en vez de coller a tella empúrrase co pé ata facela saír fóra.